

Ref.: IGP-12/06/22-02 (eom)

IGNACIO GÓMEZ PÉREZ deputado e portavoz provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN CONTRA OS RECORTES EN EDUCACIÓN E A DIMINUCIÓN DE AULAS** , que espera sexa incluída na vindeira sesión plenaria en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Estes días asistimos atónitos a un goteo seguido de novas relativas ós recortes que se van a producir de cara ó vindeiro curso escolar, en educación, e de xeito moi particular á supresión de unidades e o reagrupamento en varios concellos de Galicia, pero moi especialmente na provincia de Ourense.

No ano 2009 o actual conselleiro de Educación, asinou cos sindicatos un acordo que establecía que no ensino primario poderían realizarse agrupamentos de alumnos en centros sempre que o número total non superase os 14 e foran do mesmo ciclo, sendo de 12 se se trataba de ciclos distintos.

Este acordo salvagardaba un elemental principio de equivalencia. A docencia simultánea a alumnos de diversos cursos e ciclos esixe máis esforzo para o docente e supón prestar menos atención para o alumnado. Por eso é razoable equilibrar con menos alumnos por aula.

Pois ben, para o curso 2012-2013 este equilibrio ráchase. Serán ó redor de 20 alumnos os que deban atender estes profesores, agrupando dende os 3 ós 12 anos, dende a máis tenra infancia ata a adolescencia.

Este feito producirá efectos territoriais nefastos, pois afectará sobre todo ós centros educativos situados nas zonas sometidas a un proceso de despoboamento máis implacable, que sen dúbida esta acción favorecerá. Sabemos todas e todos que esta cuestión afectará en Galicia de xeito máis brutal á provincia de Ourense.

Algunhas estimacións, posto que o secretismo e o obscurantismo, da Xunta de Galicia é total afirman que poderá afectar a 200 mestres de primaria e a máis de 100 centros e aulas en Galicia. Pero estas aulas e estes centros son de Concellos como Vilariño de Conso, Carballeda de Avia, Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Rubiá, Cenlle, e un longo etcétera.

E curioso que mentres se produce este ataque frontal ó ensino público, no ensino privado non diminúe nada. E máis, os gastos para o ano que ben, por parte da Xunta de Galicia, nestes colexios concertados vai aumentar.

A maiores, téñense datos de que hai CPI, como o de A Gudiña, que poden ver perigar o seu estatus actual, e que hai institutos nos que tamén vai haber severas reducións, ademais de supresión en ciclos formativos de FP, de tal maneira que para o curso que ben moitos alumnos xa non se poderán matricular neles.

Todas estas novas están creando unha enorme ansiedade no alumnado, profesorado e nais e pais que non saben que vai ser do futuro dos seus colexios. A Xunta de Galicia está a demostrar que non ten criterios nin planificación ó respecto e que emprega o secretismo e o ocultismo como armas de protección.

O Partido Popular de Galicia, lonxe de favorecer as condicións de vida no rural, e moi especialmente na provincia de Ourense, está a amosar que esto non é a súa prioridade, como tampouco o é o manter un ensino público e de calidade que sexa igual nas cidades que nos concellos rurais.

Baseándose en criterios puramente numéricos amosan unha falta de comprensión total coa poboación das comarcas de Valdeorras, Verín, A Limia, Bande, Celanova, O Ribeiro, Carballiño, Ourense, Trives, Caldelas. É dicir cos nosos concellos e cos nosos veciños.

Este ataque brutal ó ensino semella un retroceso para voltar, en moitos casos ó modelo de hai case 100 anos. A Consellería de Educación está a amosar que unha falta de comprensión total e que só se guía por ideoloxía, e esta ideoloxía é a de maltratar ó público para favorecer o privado.


Agora é o momento de estar todos os grupos políticos unidos contra estas medidas, que supoñen un ataque frontal ó modelo de ensino que vimos defendendo dende hai décadas, pero un ataque frontal tamén ós habitantes do rural.

Por elo, o Grupo Socialista somete á consideración do Pleno os seguintes **ACORDOS:**

- **Manifestar o rexeitamento total ó cambio de criterios por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para aumentar o ratio de alumnos por aula.**
- **Manifestar o rexeitamento total ó peche de aulas e unidades que van provocar estes cambios.**
- **Trasladar este acordo a todos os Concellos da provincia afectados.**
- **Dar traslado destes acordos ó Presidente da Xunta de Galicia e o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.**

En Ourense a 22 de xuño de 2012

Asdo.: Ignacio Gómez Pérez



_SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE